



ARQUITECTURA  
INDIANA  
TOMIÑO

## A TENDA

### A pegada das Américas



#### Localización

Coordenadas 41.973358, -8.761115

**Tipo de ben:** vivenda

**Concello:** Tomiño

**Parroquia:** Estás

**Lugar:** Granxola

**Cronoloxía:** h. 1900

**Construtor:** descoñecido

**Promotor:** Manuel Fernández Pérez

**Propiedade:** privada

**Uso actual:** habitada

**Estado de conservación:** bo. Reformado

#### Comentario e descrición

Vivenda unifamiliar de planta rectangular con tellado a dúas augas abufardado. Situada na beira do camiño, a construción exenta está rodeada por un terreo valado. Presenta dúas alturas máis bufarda. Debido ás múltiples modificacións estruturais e ornamentais que sufriu ao longo dos anos, destacan os elementos orixinais que se corresponden coas características propias da arquitectura indiana. Entre eles, os reforzos pétreos das esquinas mediante perpiaños; as molduras pétreas que resaltan perimetralmente os vans; o recubrimento cerámico da fachada que da á rúa; a reixa de dous dos balcóns, de gran riqueza decorativa; e a escaleira do acceso principal construída en granito e con varanda balaustrada de forxa. Respecto a decoración con azulexos cabe dicir que esta é de influencia portuguesa e brasileira.

O propietario orixinal emigrou a Brasil.

#### Referencias bibliográficas:

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicado).

FICHA DE CATALOGACIÓN  
Nº inventario: EST-02

**Tomiño**  
CONCELLO

**DEPUTACIÓN**  
PONTEVEDRA